



Concello de Monterrei

DECRETO

Monterrei, 2 de abril de 2019

JOSÉ LUIS SUÁREZ MARTÍNEZ

ALCALDE-PRESIDENTE

É necesario levar a cabo a adxudicación da obra de construción dun centro social para a atención ás persoas maiores, no lugar das Fontiñas, en Albarelos, no concello de Monterrei, que se destinará a actividades de promoción da autonomía persoal e/ou prevención da dependencia.

Esta obra finánciase a través dun convenio co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, por un importe de 200.000 €, de acordo co proxecto elaborado polos arquitectos Aurelio Outeiriño Fernández e Alberto De Paula Prieto.

Polo anterior, no uso das atribucións que me confire o apartado primeiro da D.A. 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, DISPOÑO:

Primeiro.- Que se inicie o oportuno expediente de contratación para a adxudicación de:

OBRA: Proxecto de construción dun centro social para a atención ás persoas maiores, no lugar das Fontiñas, en Albarelos, no concello de Monterrei.

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: aberto simplificado.

TRÁMITE: ordinario.

Segundo.- Que se aprobe o proxecto técnico e se elabore o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia e que emita o informe correspondente a Secretaría-Intervención.

Así o acordou e asina o alcalde, na data arriba indicada, perante min, o secretario, que dou fe.

O alcalde,

O secretario,

José Luis Suárez Martínez

Paulino Fernández Salgado

Concello de Monterrei

Rúa Fontiñas, núm 2, Monterrei. 32618 (Ourense). Tfno. 988418002. Fax: 988425700